

**LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS PARA A COBERTURA EN RÉXIME DE INTERINIDADE, DE UNHA PRAZA VACANTE POR XUBILACIÓN E A CONFECCIÓN DUNHA LISTAXE DE CONTRATACIÓNS E NOMEAMENTOS, NA CATEGORÍA DE LOGOPEDA**

**DECRETO DE ALCALDÍA**

Vistas as bases xerais para a confección de listaxes de contratacións de funcionarios interinos e de persoal laboral temporal, aprobadas mediante Decreto nº 2018-1119 de data 3 de maio de 2018, publicadas no BOPPO nº 97 de data 22 de maio de 2018, cuxo texto consolidado foi publicado no BOPPO Nº 193 de data 5 de outubro de 2018.

Visto o Decreto da Alcaldía nº 2021-2545, de data 11 de novembro e 2021, aprobando as Bases Específicas Reguladoras do Proceso Selectivo para a urxente cobertura en réxime de interinidade, dunha praza vacante por xubilación da súa titular, de Logopedista, Grupo 1.2 do Convenio Colectivo e a confección dunha listaxe de contratacións e nomeamentos de persoal laboral e funcionario interino na devandita categoría.

Visto o Decreto da Alcaldía 2022-0348, de 22 de febreiro de 2022, mediante o que se aproba a lista provisional de admitidos e excluídos, concedéndose aos aspirantes un prazo de 10 días para a emenda de defectos ou alegacións pola súa omisión na lista.

Visto que con data 25 de febreiro de 2022, con rexistro de entrada 2022-E-RC-1767, D<sup>a</sup> Marta Santos Vilo, presenta unha alegación á lista provisional de admitidos e excluídos.

Esta Alcaldía ao abeiro das competencias da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

**RESOLVE**

**Primeiro:** Desestimar a alegación presentada por D<sup>a</sup> Marta Santos Vilo, ao considerar que non acredita a titulación mínima esixida segundo o criterio emitido polo Colexio Profesional de Logopedas de Galicia e as Bases Específicas de Selección aprobadas por Resolución da Alcaldía nº 2021-2545 de data 11/11/2021

**Segundo:** Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos.

**Categoría:** Logopeda

**ADMITIDOS/AS**

1ª APELIDO	2º APELIDO	NOME	DNI
BERNÁRDEZ	FERNÁNDEZ	Lucía	***6154**



**EXCLUÍDOS:**

1ª APELIDO	2º APELIDO	NOME	DNI	CAUSA EXCLUSIÓN
SANTOS	VILO	Marta	***0587**	2
GARCIA	NUÑEZ	Ana Isabel	***3396**	6.a
RIAL	DIZ	Rosa Ana	***6035**	7

**Causas de exclusión:**

1. Non ter presentado o documento acreditativo de identidade
2. Non ter acreditado a titulación mínima esixida
3. Non ter presentado o ANEXO I
4. Non ter asinado ou/e cumprimentado o anexo I da convocatoria
5. Presentación fora de prazo
6. Falta a debida acreditación de exención de taxa:
  - 6.a** Non ter presentado o certificado de non percibir prestación ou autorización asinada polo interesado permitindo o acceso aos datos necesarios para súa comprobación por parte do Departamento de Persoal.
  - 6.b** Non ter presentado o informe do período de inscrición no Servizo Público de Emprego.
7. Falta pago de taxa

**Terceiro:** Nomear o tribunal de selección que se constituirá do seguinte xeito:

**Presidente/a:** D. Juan José Abalde García e como suplente D. Elisabeth Mella Lorenzo

**Secretario/a:** D. Manuel Martínez Pérez que terá voz e voto, e como suplente D. Carlos López Quintáns.

**Vogais:**

Dª Susana Lamela Pérez, e coma suplente D. Carlos Potel Alvarelos.

D. Marta González Estévez, e como suplente D. Beatriz Iglesias Rodríguez.

Dª Leticia Vivian García Ramos, e como suplente Dª Ana Mª Rial Acosta.

**Cuarto :** **Convocar** aos candidatos admitidos/as para a realización do primeiro exercizo da fase de oposición, segundo o apartado 5º “Procedemento selectivo” das Bases específicas aprobadas por Decreto da Alcaldía nº 2021-2545, o **martes, 05 de abril de 2022 ás 12:00 horas**, que terá lugar no Centro de Desenvolvemento Local, dirección Lomba Cruceiro nº 5, Ribadetea, 36860, Ponteareas – Pontevedra.

**Quinto.-**Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web: [www.ponteareas.gal](http://www.ponteareas.gal).

**Sexto.-** Contra esta resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, artigos 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das



Administracións Públicas ou ben recurso contencioso- administrativo perante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso – Administrativa. Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que o interesado estime procedente consonte co Dereito.

Ponteareas, documento asinado dixitalmente

A Alcaldesa  
M<sup>a</sup> Cristina Fernández Davila

